

Viñetas desde o Atlántico 2023 abre as inscricións para unha vintena de obradoiros infantís e profesionais

O público poderá inscribirse nos diferentes obradoiros, que son de acceso gratuíto cun número máximo de asistentes, a partir do xoves, 3 de agosto, ás 10.00 horas, dos seguintes modos: no caso das Bibliotecas Municipais, chamando por teléfono, acudindo presencialmente ou a través da páxina web <https://www.coruna.gal/bibliotecas>. No caso de Viñetas Lab. Espazo infantil, as inscricións realizaranse a través do correo electrónico ludidactica@gmail.com.

VIÑETAS LAB. ESPAZO INFANTIL

LUGAR

Palco da Música (Avenida Xardíns de Méndez Núñez, 1. 15003 – A Coruña)

DATAS

Do luns 7 ao domingo 13 de agosto

HORARIOS

Luns, ás 19.00h

Martes a venres, ás 18.00 e 19.00h

Sábado e domingo, ás 12.00, 18.00 e 19.00h

IDADE

De 6 a 12 anos

INSCRICIÓN

Máximo 15 prazas en cada obradoiro, con inscrición previa a través do correo electrónico ludidactica@gmail.com. Apertura de inscricións: xoves 3 de agosto, 10.00h.

Viñetas desde o Atlántico estrea unha nova actividade lúdica orientada ao público infantil este 2023. A iniciativa Viñetas Lab reúne un total de 15 obradoiros, dunha hora de duración, que celebraranse no Palco da Música Xardíns de Méndez Núñez, especialmente decorado e acondicionado para a ocasión. O programa de Viñetas Lab extenderase ao largo de todo o festival, do 7 ao 13 de agosto.

As protagonistas das actividades serán as famosas esculturas de Viñetas desde o Atlántico que reproducen personaxes de tebeo como Lucky Luke, Os Simpson, Pitufina, Carpanta, Esther, Spiderman, Batman ou Mortadelo e Filemón, entre moitos outros, todas elas presentes nos xardíns onde terán lugar os obradoiros.

A dinámica da actividade consistirá nun xogo colaborativo no que as nenas e os nenos introducíranse nos universos creativos destas personaxes de ficción, para logo desenvolver as súas propias historietas, nas que mesturarán estes personaxes que nunca antes conviviron todas xuntas nun mesmo tebeo.

Comezaremos por unha presentación das personaxes, con tarxetas descritivas (a modo de cartas de rol) para logo formular unha dinámica de xogo que rematará na creación dunha historieta propia. Para facilitarlles o traballo e que se centren na narrativa e na mestura de caracteres, traballarán con fondos deseñados polo propio educador e autocolantes que terán que recortar. Os fondos estarán estruturados en “viñetas” con “bocadillos” expresivos que lles orientarán narrativamente. Os autocolantes presentarán as diversas personaxes en diferentes planos e xesticulacións, para que escollan as que mellor se adapten á súa historia.

OBRADOIRO EXPRESS DE NOVELA GRÁFICA

LUGAR

Biblioteca de Estudos Locais, Casa da Cultura Salvador de Madariaga (Durán Loriga, 10, baixo)

DATAS

Do martes 8 ao xoves 10 de agosto, de 11.30 a 13.30h (3 xornadas de 2 horas cada unha)

IDADE

A partir de 18 anos (é recomendable ter nocións básicas de debuxo)

INSCRICIÓN

Máximo 12 prazas, con inscrición previa na web das Bibliotecas Municipais: <https://www.coruna.gal/bibliotecas>. Apertura de inscricións: xoves 3 de agosto, 10.00h.

Actividade impartida por Alberto Guitián, creador das series de BD *Petaco* e *Fito e Pita*. Neste 'Obradoiro express de novela gráfica' achegarémonos ao proceso creativo do cómic e aos diversos enfoques e temáticas da novela gráfica actual. Cada asistente fará un pequeno proxecto persoal de BD en 3 etapas: o concepto (idea e plantexamento), o relato (técnicas narrativas) e o debuxo (solucións gráficas). Cada participante deberá traer o material de debuxo que prefira (papel ou tablet).

OBRADOIRO AS TÚAS PRIMEIRAS VIÑETAS

LUGAR

Biblioteca Durán Loriga, Casa da Cultura Salvador de Madariaga (Durán Loriga, 10, baixo)

DATA

Martes 8 de agosto, de 10.30 a 12.00h

IDADE

De 6 a 10 anos

INSCRIPCIÓN

Máximo 20 prazas, con inscrición previa na web das Bibliotecas Municipais: <https://www.coruna.gal/bibliotecas>. Apertura de inscricións: xoves 3 de agosto, 10.00h. *

Actividade impartida polo autor zaragozano afincado na Coruña Diego Burdío. 'As túas primeiras viñetas' é un obradoiro para mergullarse nos elementos narrativos da banda deseñada: onomatopeias, metáforas visuais, viñetas, liñas cinéticas... e todos os elementos básicos para manexarse facendo cómics.

OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á BANDA DESEÑADA

LUGAR

Biblioteca Durán Loriga, Casa da Cultura Salvador de Madariaga (Durán Loriga, 10, baixo)

DATA

Mércores 9 de agosto, de 10.30 a 12.00h

IDADE

De 6 a 10 anos

INSCRICIÓN

Máximo 20 prazas, con inscrición previa na web das Bibliotecas Municipais: <https://www.coruna.gal/bibliotecas>. Apertura de inscricións: xoves 3 de agosto, 10.00h. *

Actividade impartida por Santy Gutiérrez, autor de banda deseñada, ilustrador e humorista gráfico en prensa. Este 'Obradoiro de iniciación á banda deseñada' descóbrenos a narrativa da banda deseñada, para aprender a contar unha historia en viñetas que teña ritmo e acción.

OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á BANDA DESEÑADA

LUGAR

Biblioteca Durán Loriga, Casa da Cultura Salvador de Madariaga

(Durán Loriga, 10, baixo. 15003 – A Coruña)

DATA

Xoves 10 de agosto, de 10.30 a 12.00h

IDADE

De 11 a 16 anos

INSCRIPCIÓN

Máximo 20 prazas, con inscrición previa na web das Bibliotecas Municipais: <https://www.coruna.gal/bibliotecas>. Apertura de inscricións: xoves 3 de agosto, 10.00h. *

Actividade impartida por Santy Gutiérrez, autor de banda deseñada, ilustrador e humorista gráfico en prensa. Este 'Obradoiro de iniciación á banda deseñada' descóbrenos a narrativa da banda deseñada, para aprender a contar unha historia en viñetas que teña ritmo e acción.

MÁIS INFORMACIÓN

<https://www.vinetasdesdeoatlantico.com>